



“Somentes o voso amor a terra na que fomos nados puido traguerme a iste posto para premiar en min o único merecemento que poseio: o dunha fonda devoción pola Galiza e o dunha constancia nista devoción que anda a se reflexar fai moitos anos, desde o raciocinio alumeou o meu cerebro, en todo canto escribo, que non é pouco abofé.”

Inicio do discurso de entrada de Antón Villar Ponte na Real Academia Galega (1934)

“Recordo con Villar Ponte percorrer Galicia facendo campañas electorais nos anos trinta ou cando fixen o prólogo da obra *Pensamento e sementeira*..., ademais citeino no meu discurso de entrada na Real Academia Galega, no que destacaba seu labor polo país colaborando en xornais e revistas e demostrando o profundo amor que sentía por Galicia.” Salvador de Lorenzana

ANTÓN VILLAR PONTE

(Viveiro, 1881 – A Coruña, 1936)

Foi un xornalista, dramaturgo, ensaísta, político, teórico do nacionalismo e boticario galego. Fundador das Irmandades da fala, pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos, á Real Academia Galega e ao Conservatorio Nazonal de Arte Galega. Foi autor dunha obra extensa en diferentes eidos: obras de teatro, ensaios, conferencias e multitude de artigos xornalísticos.

GRANDES ÉXITOS



1926

O Mariscal, escrita de maneira conxunta con Ramón Cabanillas, é unha obra de teatro baseada na figura do mariscal Pardo de Cela, executado polos Reis Católicos en 1483. Nun contexto mítico e con clara intención política, o texto converte a súa figura nun símbolo de resistencia contra o centralismo de Castela.

Pensamento e sementeira. Leccións de patriotismo galego é unha escolma de artigos xornalísticos que escribiu ao longo da súa vida. Foi editada postumamente polo Centro Galego de Bos Aires.



1971

Outras das súas obras son *Do caciquismo: A patria do labrego* (1905) e *O sentimento liberal na Galiza* (1934).

